

Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgasas, A Barqueira, 15569 Cerdido
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027
www.cerdido.es correo@cerdido.es

exp. 2019/G010/000001

ACTA Nº 2019/1

SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN

- CASA DO CONCELLO , XOVES 24 DE XANEIRO DE 2019 -

O día 24 de xaneiro de 2019, ás 20:15 horas, baixo a presidencia do alcalde, reúnen-se os concelleiros que se indican, coa asistencia da secretaria, que subscribe, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, Sesión Extraordinaria do Pleno da Corporación.

Preside: Benigno Galego Castro

Asisten: Cándido Eusebio Prieto Lago ,Rocío Martínez Martínez ,Marina Tojiero Martínez ,David Prada Aneiros ,Juan José Ramos Prieto,Pablo Casas Cibreiro, José Esmoris Aldao, Ana Rodríguez Montero

Os concelleiros Juan José Ramos Prieto, Pablo Casas Cibreiro, José Esmoris Aldao, Ana Rodríguez Montero, abandonaron o salón de plenos antes da votación da moción que se incluía na orde do día

Ausencias: Ningunha

Secretaria-Interventora : Paula Díaz Tie


Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que o alcalde, como Presidente, declara aberta a sesión. Procédese a tratar os asuntos incluídos na

ORDE DO DÍA

1.- Aprobación da acta da sesión do pleno ordinario do día 18.12.2018 . Os membros do Pleno en votación ordinaria aprobaron a acta anterior . 7 votos a favor dos concelleiros Cándido Eusebio Prieto Lago ,Marina Tojiero Martínez ,David Prada Aneiros ,Juan José Ramos Prieto,Pablo Casas Cibreiro, José Esmoris Aldao, Ana Rodríguez Montero e do Sr. Alcalde e unha abstención da concelleira Rocío Martínez Martínez

2. Moción a prol da restauración do servizo de Pediatría dos concellos de Cerdido , San Sadurniño , Moeche e As Somozas .O Pleno da Corporación do Concello por unanimidade dos presentes aprobou o seguinte ACORDO:

MOCIÓN A PROL DA RESTAURACIÓN DO SERVIZO DE PEDIATRÍA DOS CONCELLOS DE Cerdido, SAN SADURNIÑO, MOECHE E AS SOMOZAS A Alcaldía do Concello de Cerdido presenta a seguinte moción para o seu debate en Pleno, en defensa do servizo de pediatría no noso concello así como nos concellos limítrofes de San Sadurniño, Moeche e As Somozas. EXPOSICIÓN DE MOTIVOS Dende o día 14/1/2019 os centros de saúde de San Sadurniño, Moeche, Cerdido e As Somozas non dispoñen de pediatra. O servizo víase prestando no centro de saúde de San Sadurniño durante toda a semana entre as 9 e as 11 da mañá, mentres que os



Concello de Cerdido (A Coruña)


As Felgosas, A Barqueira, 15569 Cerdido
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027
www.cerdido.es correo@cerdido.es

exp. 2019/G010/000001

mércores a pediatra se desprazaba as Somozas na segunda metade da súa xornada laboral, os martes a Cerdido e os xoves a Moeche, reservando os luns e os venres exclusivamente para San Sadurniño. A pediatra que ocupaba o posto optou a un concurso de traslados e a praza quedou libre. Ante esta situación, ás familias que se dirixen ao centro de saúde indícaselles que deberán acudir a consulta ao Centro de Saúde de San Sadurniño onde, por outra parte, non serán atendidas por un pediatra, senón por un médico puericultor e no todos os días. Esta situación causa preocupación entre as persoas afectadas que vén como o servizo sanitario cada vez é máis deficitario no rural. Desde o Concello, tras confirmar que a situación trasladada polas familias e veciños era real, contactamos co xerente da Xerencia de Xestión Integrada da Área Sanitaria de Ferrol. A información que nos dan telefonicamente é que carecen de pediatras, que a previsión é que haxa en San Sadurniño un médico puericultor 3 días a semana e que o resto dos días a atención a preste un médico de familia, sen garantir nin sequera que sempre sexa o mesmo, xa que depende da boa vontade destes profesionais para asistir á consulta, así mesmo se nos comunica que se suspende a itinerancia nos concellos de Moeche, Cerdido e As Somozas. Non se dá tampouco unha data de previsión para restaurar o servizo de Pediatría nos nosos concellos. Transcorrida unha semana na mesma situación, que por outro lado se podía prever xa que o traslado da profesional que ocupaba a praza non é un proceso "instantáneo", os alcaldes dos concellos de San Sadurniño e Cerdido e a alcaldesa de Moeche solicitaron unha entrevista co xerente, Sr. Facio.

O grave deterioro polo que avanza a prestación dos servizos sanitarios, nomeadamente nos concellos rurais, é froito de decisións exclusivamente políticas, de

xestión política, a xestión dos recortes acometidos polo Goberno galego nos últimos anos, coa adopción de medidas que afondaron no desmantelamento dos servizos sanitarios e que antes ou despois chegan a todos os concellos de Galicia; redución de orzamentos, de centos de profesionais, de máis de 700 camas, privatización masiva de servizos, derivacións de doentes a centros privados, a non convocatoria de prazas de persoal sanitario que levou a emigrar a moitos especialistas que vían como non se lles ofrecía garantía nos postos de traballo, enormes dificultades para acceder aos estudos de Medicina, todo isto acompañado dunha deriva dos servizos á medicina privada, co obxectivo de converter o dereito á saúde nun negocio. Favorecer que uns poucos fagan negocio a costa da enfermidade. A Atención Primaria, a que nos afecta no día a día, foi o ámbito da sanidade pública galega que con máis intensidade sufriu os recortes. Nos orzamentos da Xunta deste ano 2019 destínanse 188 millóns de euros menos que os que había en 2009, cun recorte acumulado de arredor de 2.188 millóns de euros. As consecuencias son tremendas: masificación de consultas, cupos desbordados, redución de profesionais, non substitucións de profesionais, as listas de espera de 10 días para o médico de familia, peche de axendas, saturacións profesionais que ao ter que acudir a algunha urxencia teñen que deixar as súas consultas abandonadas durante horas, PACs ao límite e falta de profesionais, como no noso caso, que supón a suspensión do Servizo de Pediatría. Nesta lexislatura, que desde o Goberno galego se presentou como a "lexislatura do rural", constatamos unha vez máis que fixar poboación é tarefa imposible cando servizos básicos como o ensino - con centros da década dos 70 sen grandes melloras e con menor oferta que nas cidades ou vilas-, o transporte - elemento



Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgosas, A Barqueira, 15569 Cerdido
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027
www.cerdido.es correo@cerdido.es

exp. 2019/G010/000001

vertebrador fundamental para vivir aquí- ou a sanidade non son prioritarios nin se reflicten non seus orzamentos do Goberno galego. A suspensión do servizo de pediatría, sexa ou non temporal, supón que... • ...as nosas nenas e nenos non terán especialista en Pediatría malia ser un dereito que teñen as familias, un dereito que non pode ter no noso entorno como único criterio o número de usuarios. • ...os centros de saúde de Moeche, Cerdido e As Somozas verán mermada a calidade asistencial xa que careceran tamén do servizo itinerante que se lles vira prestando. • ...o horario de atención vai verse claramente diminuído nos catro concellos, posto que non se substitúe a totalidade da xornada da anterior pediatra.


En definitiva, discrimínase aos veciños e veciñas dos nosos concellos polo lugar onde viven: mentres os nenos e nenas de Ferrol ou Narón contan con varios pediatras aos seu servizo, San Sadurniño, Moeche, Cerdido e As Somozas, NIN UN e estes últimos ademais de ter que desprazarse, nin sequera terán unha atención especializada. ¿É consciente a Xunta da situación de abandono na que quedan as nenas e nenos dos concellos afectados, privadas dun dereito básico, coma é a atención sanitaria?

¿Ten previsto adoptar a Xunta algunha medida urxente para a reposición do posto de pediatría e, xa que logo, a atención efectiva ás nenas e nenos dos concellos afectados?

Ante a situación, á marxe das xestións realizadas polos Concellos afectados, as nais e pais nun exercicio de civismo, do que os concellos nos debemos sentir orgullosos e apoiar abertamente, organizáronse e exerceron o seu dereito para reclamar a restauración do servizo de Pediatría: mediante escritos, reclamacións individuais e difusión nas redes sociais. Unha destas vías de difusión da procura de apoio para demandar o servizo de Pediatría foi a entrega dun escrito, elaborado por unha nai, por parte das asociacións de nais e pais para facerllo chegar ás familias, un escrito público no que se solicitaba que cada un fixese unha reclamación individual libremente. Lamentablemente, a Consellería de Educación, nun prazo inferior a 24 horas, enviou un inspector ao CEIP San Ramón de Moeche coa denuncia do envío dese escrito ás familias, unha denuncia despreciable, que non sabemos de onde partiu, pero evidentemente dunha persoa ou varias ou colectivo a que non lle interesa que haxa unha demanda social do servizo de Pediatría. Do mesmo xeito se limitou a difusión do escrito nos demais centros de ensino. A utilización por parte da Consellería de Educación, institución pública, con extrema e in-usual rapidez, dos seus medios para limitar aos profesionais da escola e ás familias co único obxectivo de apagar as voces que demandan un dereito e acoutar os seus medios e vías non ten outro nome que represión, e isto nun Estado democrático. Non deixa de ser unha actitude de corte fascista totalmente fóra de lugar, en contra da escola, das familias e, polo tanto, dos concellos afectados.

En definitiva, a realidade non se agocha e todos sabemos que hai unanimidade entre sindicatos, colexios profesionais, plataformas sanitarias, organizacións profesionais, doentes de calquera ideoloxía... en denunciar o grave deterioro que están provocando as políticas sanitarias do Goberno galego. Non estamos xa na fase de grupos de traballo, nin de enquisas virtuais, nin de auditorías. Estamos na fase de asumir

responsabilidades e rectificar os recortes e as privatizacións, ante uns feitos de máxima gravidade.



Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgosas, A Barqueira, 15569 Cerdido
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027
www.cerdido.es correo@cerdido.es

exp. 2019/G010/000001

Por todo isto, a Alcaldía proponlle ao Pleno do Concello de Cerdido a adopción do seguintes acordos:


- 1 Exixirle á Xunta de Galicia o inmediato restablecemento do servizo de pediatría nos catro concellos tal e como vira funcionando ata agora como mínimo, como un dereito de todos os nenos e nenas dos nosos concellos.
- 2 Exixir do Goberno galego a igualdade nos servizos básicos de sanidade e educación para os nosos concellos sen depender se vives no rural ou no urbano.
- 3 Pedirle explicacións á Consellería de Educación, á Xefatura Territorial da Coruña, sobre os termos da denuncia e a súa posterior actuación, exixir que a Consellería de Educación retire ou invalide a noxenta denuncia ao CEIP San Ramón e dirixir unha desculpa aos pais e nais que só reclaman pacificamente un dereito. Cerdido, 21 de xaneiro de 2019 O Alcalde, Benigno Galego Castro

Votación: Cinco votos a favor dos concelleiros . Cándido Eusebio Prieto Lago , Rocío Martinez Martinez , David Prada Aneiros e Marina Tojeiro Martinez e o voto do Sr. Alcalde Benigno Galego Castro .

O Alcalde explica que a moción esta composta por dúas parte , por una banda ponse de manifesta o feito que o centro de saúde quedou sen pediatra , por non cubrir a baixa producida polo traslado da titular anterior . O mesmo aconteceu cando se xubilou o medido titular que tivemos , producíndose cambios sucesivos de persoal e por outra banda ponse de manifesto o ocorrido no colexio de Moeche onde os pais entregaron uns escritos para que cada quen individualmente fixera unha reclamacións e en vinte e catro horas presentouse un inspección de educación tras a denuncia dos feitos . Esta é un moción conxunta dos concellos implicados , pola situación de falta de pediatra que tamén sucede noutros concellos como situacións como médicos desbordados , urxencia saturadas o que supón un deterioro moi grave da sanidade publica .

A concelleira Ana Rodríguez Montero, intervén no pleno pasando a ler o seguinte escrito que fai entrega a secretaria " Como portavoz do Partido Popular do Concello de Cerdido, quero facer constar que estamos totalmente de acordo en que o noso Concello teña o Servizo de Pediatría tal e como estaba. En ningún momento os nenos quedaron desatendidos, xa que están sendo atendidos en San Sadurniño, non sei porque se armou tanto barullo, senón é pola proximidade das eleccións. Como concelleiros do PP, preocupámonos e interesámonos pola situación actual e reunímonos co delegado da Xunta que nos comunicou que se cubrirá a vacante en canto se atope un pediatra. Porque aínda que o goberno da Xunta sexa do PP non deixamos de pedir que se cumpran os compromisos. O PP de Cerdido non politiza con este tema nin fixo mención ningunha nas redes sociais.

Sen embargo, creouse unha plataforma pola concelleira de cultura do BNG do Concello de



Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgosas, A Barqueira, 15569 Cerdido
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027
www.cerdido.es correo@cerdido.es

exp. 2019/G010/000001

Moeche, administradora e moderadora de dita plataforma, politizando todo este asunto.

A nosa reunión co delegado da Xunta, D. Ovidio Rodeiro, sobre este tema, non foi só para facer a foto, como se está a dicir nas redes sociais, e non me parece procedente a discriminación de chamarnos "tontos e tontas". ¿Esta é a política que se fai?. ¿Política baseada no insulto?

A Xunta de Galicia trasladou unha petición o Ministerio de Sanidade para a acreditación de novas unidades de formación para aumentar, aínda máis, a oferta de prazas MIR desta especialidade. ¿Non sei si dende este goberno do PSOE teñen solicitado que se poidan aumentar ditas prazas?

Nós reiteramos estar de acordo en ter pediatra, pero faltan profesionais, en canto se poida que se cubra a praza, pero non estamos dispostos a politizar nin coa Sanidade nin coa Educación, non vamos participar, como se pretende, coa presentación desta moción, acordada en conxunto por ditos concellos. Fago entrega deste escrito a Secretaria do Concello para que conste en acta.

Neste intre e unha vez concluído a lectura do escrito os concelleiros Juan José Ramos Prieto, Pablo Casas Cibreiro, José Esmoris Aldao, Ana Rodríguez Montero, abandonan o salón de Plenos .

O alcalde intervén para indicar que o problema está, en que se quedan sen servizo de Pediatría e que entende que a Plataforma , non foi creada por ningún concelleiro , e que todo isto é froito dos recortes dende hai moitos anos , faltan profesores e faltan médicos , e esta situación concreta debería preverse e solucionarse con tempo . Non ten constancia que se insultara a ninguén na plataforma e entende que o Delegado da Xunta debería reunirse cos alcaldes e non cos candidatos do Partido Popular e entende que o tema de estar en campaña electoral e cousa deles .

O concelleiro Cándido Eusebio Prieto Lago toma a palabra para explicar que os políticos están para resolver problemas , e estamos para facer política , pero os pais non . Os alcaldes piden unha reunión e esta soamente se produce cos candidatos as Alcaldías por parte do partido popular

E , non habendo mais asuntos que tratar a Presidencia levantou a sesión do Pleno sendo as vinte horas e trinta minutos do día 25 de xaneiro de 2019 ,dándolle a Alcaldía , neste intre , un turno de intervención ao público, asistente ao acto .